

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ORDE do 27 de xaneiro de 2020 pola que se declaran, de xeito provisional, como espazo natural de interese local as Brañas de Sada, no concello de Sada.

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza, e o Decreto 124/2005, do 6 de maio, polo que se regula a figura de espazo natural de interese local e a figura do espazo privado de interese natural establecen que, por petición dun concello e despois do informe da consellería con competencias en política territorial e urbanismo, a consellería con competencias en materia de conservación da natureza poderá declarar como espazo natural de interese local (ENIL, en diante) aqueles espazos integrados no seu termo municipal que, polas súas singularidades, sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais. O Concello de Sada considera que o lugar Brañas de Sada reúne as condicións adecuadas, polo que o 18.5.2017 solicitou formalmente a súa declaración como ENIL.

O ámbito da declaración das Brañas de Sada localízase na parroquia de Santa María, no concello de Sada. Este espazo abrangue a superficie onde se localizan as charcas, as antigas telleiras, o arroyo do río Vado e o regato de Fontoira, no seu encontro co arroyo do río Vado.

En canto á calidade ambiental das Brañas de Sada, trátase dunha zona húmida de orixe artificial naturalizada, na cal as cubetas feitas como consecuencia da actividade das telleiras conforman un ecosistema acuático cunha serie de lagoas de auga doce que propiciou a colonización natural polo bosque de ribeira (hábitat de interese comunitario 91E0*). A vexetación correspóndese con comunidades propias de zonas húmidas de auga doce, constituídas fundamentalmente por salgueiros (*Salix atrocinerea*), ameneiros (*Alnus glutinosa*) e, esporadicamente, loureiros (*Laurus nobilis*). Estas árbores observadas na ribeira das lagoas amparan un sotobosque rico en especies hidrófitas, silveiras (*Rubus* sp.), hedras (*Hedera helix*), chuchamel (*Lonicera* sp.), fieitos, musgo e hepáticas. Os estratos arbus-tivo e herbáceo correspóndense coas clases fitosociolóxicas *Phragmito-Magnocaricetea*, *Potamotea* e *Lemnetea*, que apuntan á existencia do hábitat de interese comunitario 3150.

A alteración humana déixase notar pola presenza de especies invasoras como a herba da Pampa (*Cortaderia selloana*), con gran capacidade de modificación do hábitat, e de *Azolla filiculoides*, fento que vive como planta flotante en simbiose con cianobacterias.



As aves constitúen un dos grupos faunísticos máis relevantes, como especies destacadas cítanse o martiño peixeiro (*Alcedo atthis*), o falcón peregrino (*Falco peregrinus*) e o pato cullerete (*Anas clypeata*), xunto a unha importante poboación invernante de cerceta real (*Anas crecca*). O espazo atópase dentro da área potencial de presenza da escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus lusitanica*), catalogada en perigo de extinción no Catálogo galego de especies ameazadas. Entre os anfibios é evidente a presenza dunha gran poboación de *Pelophylax perezi* (ra verde) e de exemplares de *Rana iberica* (ra dos regos), esta última catalogada como vulnerable neste mesmo catálogo; ademais, está presente a lontra (*Lutra lutra*).

As Brañas de Sada conservan restos dun pasado industrial recente, e constitúen un espazo natural relevante dentro da Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. O valor ecolóxico foi recoñecido por diversas figuras: a Comisión Provincial de Urbanismo acordou, en sesión do 7 de abril de 1994, a aprobación definitiva do Plan de protección das Brañas, cuxa finalidade é protexer e lograr un equilibrio entre a conservación e a mellora do seu contorno cun uso social adecuado; as Brañas están identificadas e incorporadas ao Inventario de humidaís de Galicia co código 1110036 e tamén rexistradas como áreas de corredor ecolóxico no Plan de ordenación do litoral.

Na tramitación do expediente observáronse as normas establecidas no artigo 17 da Lei 9/2001, do 21 de agosto; na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e no Decreto 124/2005, do 6 de maio. A proposta formulada polo Concello de Sada contén unha memoria que cumpre e se axusta ao establecido no artigo 3.3 do Decreto 124/2005, do 6 de maio, así como planos a escala 1.5000. O expediente conta, ademais, co acordo adoptado polo Pleno do Concello do 29.10.2015, que contén o compromiso formal de poñer en práctica medidas de conservación e de elaborar o Plan de conservación.

Durante a tramitación do expediente recibíronse os informes preceptivos do Servizo de Conservación da Natureza da Coruña (agora Patrimonio Natural), da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e da Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar do Ministerio para a Transición Ecolóxica. Tamén se recibiron informes e documentación do Instituto de Estudos do Territorio e da entidade pública empresarial Augas de Galicia:

- No informe preceptivo emitido polo Servizo Territorial de Conservación da Natureza o 16.10.2017, consta que a proposta de declaración do ENIL resulta completa e axustada, e



emite informe favorable da declaración. Sinala que o ENIL Brañas de Sada se encontra formando parte do Inventario de humidais de Galicia e dentro da área potencial de presenza de *Emberiza schoeniclus lusitanica*, especie catalogada en perigo de extinción.

- O informe preceptivo da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo do 4.7.2017 manifesta que o planeamento vixente no Concello de Sada, no momento do informe, aínda non se encontra aprobado e por iso non pode terse en consideración. O réxime aplicable ao solo, no momento do informe, era transitoriamente o decreto de suspensión das normas subsidiarias aprobadas o 10.1.1997, de conformidade co previsto na alínea d) da DT1^a.3 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Na actualidade, a normativa urbanística de aplicación é o PXOM do Concello de Sada, aprobado definitivamente o 11.10.2017, así como as fichas do anexo normativo do dito PXOM, publicadas o 20.12.2017.

- A Dirección Xeral de Sustentabilidade da Costa e do Mar do Ministerio para a Transición Ecolóxica menciona no seu informe a existencia do Plan de protección das Brañas, aprobado definitivamente na sesión do 7 de abril de 1994 coa finalidade de protexer a zona e lograr o seu equilibrio co uso social adecuado.

O PXOM de Sada recolle a delimitación do Plan especial de protección de infraestruturas e dotacións das Brañas de Sada, que coincide co ENIL Brañas de Sada, clasificado como solo rústico de protección de espazos naturais. Así mesmo, indica que o PXOM prevé determinadas actuacións dotacionais no bordo perimetral (dentro do ENIL), así como a inclusión, nas fichas de ordenación, dos ámbitos de transformación urbanística previstas no seu contorno que garantan a preservación dos valores ambientais asociados ao nivel de protección que exige a declaración como espazo natural.

Conclúen que da análise e estudo da documentación achegada e dos datos que constan nese departamento, se observa que o ámbito do ENIL Brañas de Sada se localiza fóra do dominio público marítimo-terrestre e das servidumes de tránsito e de protección e, están parcialmente afectado pola zona de influencia de 500 metros de anchura; os usos propostos no ENIL son compatibles coa normativa sectorial de costas. Sinalan, non obstante, a conexión das Brañas coa praia de Sada por medio de colectores que permiten o desaugamento ao mar da citada zona, polo que os citados colectores deben contar co correspondente título habilitante que dispón a normativa sectorial de costas.



• O 12.7.2017, o informe do Instituto de Estudos do Territorio sinala que, no ámbito en cuestión, o Catálogo de paisaxes non recolle ningún elemento ou valor dese tipo. Polo que respecta ao POL, as Brañas atópanse na área continua de ordenación e na descontinua de corredor, dentro da unidade de paisaxe 03-02-119. Sada.

• A entidade pública empresarial Augas de Galicia achegou ao expediente a autorización DH.W15.19555, do 11.7.2005, relativa ás obras de canalización e recheo na zona de policía de leitos neste lugar, solicitada polo Concello de Sada o 31.3.2005.

O 7 de novembro de 2018 publicouse no DOG o Anuncio do 25 de outubro de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, polo que se sometía á participación pública a proposta de declaración de espazo natural de interese local da zona denominada Brañas de Sada, pertencente ao Concello de Sada, de acordo co previsto no artigo 16 da Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente, para promover unha participación real e efectiva do público na súa elaboración.

No referente á declaración, faise uso do previsto no artigo 4 do Decreto 124/2005, do 6 de maio, para declarar o ENIL de maneira provisional por un prazo non superior a dous anos. A partir desa declaración provisional, a responsabilidade e competencia para a xestión será municipal, e isto non implicará a inclusión do espazo na Rede galega de espazos naturais protexidos.

Considerando o exposto e no uso das atribucións que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Proposta de declaración provisional*

Declárase, provisionalmente e por un prazo máximo de dous anos, como ENIL o espazo Brañas de Sada, no termo municipal de Sada, por proposta do Concello de Sada.

Artigo 2. *Plan de conservación*

1. Durante o prazo da declaración provisional do ENIL Brañas de Sada e como requisito imprescindible para que se produza a súa declaración definitiva como espazo natural



protexido, o Concello de Sada deberá achegar á consellería con competencia en materia de conservación da natureza o Plan de conservación deste espazo. O plan deberá ter en conta as consideracións feitas e recollidas nos informes sectoriais, aos cales se alude na parte expositiva desta orde, e garantir que a xestión que se propoña para o ENIL teña coherencia e sexa compatible coa conservación dos valores existentes.

2. O Plan de conservación do ENIL deberá tamén considerar o carácter de área potencial de presenza de *Emberiza schoeniclus lusitanica*, especie catalogada en perigo de extinción, e incorporará as directrices de xestión definidas para as áreas potenciais polo Decreto 75/2013, do 10 de maio, que aproba o seu plan de recuperación.

3. O Plan de conservación do ENIL establecerá, así mesmo, as medidas de protección contra inundacións que establece o Plan hidrolóxico Galicia-Costa e os artigos 9 e 14 do Regulamento do dominio público hidráulico para as áreas identificadas como de risco de inundación pola memoria técnica.

4. No caso de que o Concello de Sada non achegue o Plan de conservación das Brañas de Sada no prazo sinalado, darase por desistido da súa solicitude de declaración e, producira desde ese momento a extinción dos efectos da declaración provisional como ENIL.

Artigo 3. *Límites*

A extensión e os límites do ENIL Brañas de Sada son os sinalados no anexo I desta orde.

Artigo 4. *Réxime de protección preventiva*

A declaración provisional do ENIL Brañas de Sada implicará a aplicación do réxime de protección preventiva recollido no artigo 25 da Lei 9/2001, do 21 de agosto.

Os aproveitamentos e os usos dos bens e recursos incluídos dentro do ENIL Brañas de Sada levaranse a cabo de maneira que resulten compatibles coa conservación dos valores existentes que motivaron a súa declaración.

Artigo 5. *Xestión*

Será responsabilidade e competencia do Concello de Sada a xestión do espazo natural Brañas de Sada.



O Concello comprométese a consignar con cargo aos orzamentos xerais municipais de cada ano as cantidades necesarias para garantir a conservación do espazo e acometer as medidas de xestión necesarias.

Artigo 6. *Efectos*

1. A declaración provisional das Brañas de Sada como ENIL non comporta a súa inclusión na Rede galega de espazos protexidos.

2. A declaración provisional das Brañas de Sada como ENIL non implicará a asignación de recursos económicos da Xunta de Galicia para a súa xestión e conservación.

3. A zona obxecto da declaración contén terreos clasificados como dominio público hidráulico. A declaración como ENIL non implicará a cesión do dominio público nin a súa utilización significará a cesión das facultades demaniais da Xunta de Galicia.

4. Unha vez aprobado o ENIL, figura incluída dentro das categorías de espazos protexidos do artigo 9 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, o réxime do solo rústico de protección de espazos naturais tamén será de aplicación a todo o ámbito, de acordo cos artigos 34.2.f) e 34.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Artigo 7. *Extinción*

1. Mediante orde da consellería con competencias en materia de conservación da natureza poderase poñer fin aos efectos da declaración provisional das Brañas de Sada como ENIL, se desaparecesen as causas que motivaron a súa protección e non fosen susceptibles de recuperación ou restauración.

2. Tamén se producirá a extinción dos efectos da declaración provisional das Brañas de Sada como ENIL no suposto recollido no artigo segundo desta orde.

Disposición derradeira única

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de xaneiro de 2020

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda



ANEXO

Límites do espazo natural protexido


Norte: linda co antigo campo de fútbol da Chaburra e parcelas co número 95022 (parcela 221), 96026 (parcelas 240, 241, 242, 243), parte da 98022 (parcelas 257, 258, 259, 260) e mouteira 1 do polígono 20, parte da 01023 e parcelas máis ao sur 03021.

Sur: linda co camiño das Lixelas, cuarteirón 01975, terreo onde se sitúa a piscina municipal, zona traseira do pavillón polideportivo municipal e do campo de fútbol das Mariñas.

Leste: linda coas parcelas número 05021 e 04991 e co treito aberto do río que separa ambas parcelas.

Oeste: linda co camiño das Lixelas, estrada CP-5813, norte das parcelas 94005 e 95009, ata o río, parcelas ao norte de 96093 e parcelas 109 e 106 do polígono 20.





4.800.200 4.800.100 4.800.000 4.799.900 4.799.800 4.799.700 4.799.600 4.799.500

559.200 559.400 559.600 559.800 560.000 560.200 560.400

ESPAZO NATURAL DE INTERESE LOCAL: "BRAÑAS DE SADA"



Limite do espazo

Superficie (Has): 29.9

0 50 100 200 Metros

Proxección UTM Fuso 29
Datum ETRS89

CVE-DOG: ng5yeif6-y7g1-8oa6-j9j9-rqr4bnzuboi9

